CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE MUROS

O Concello de Muros ten previsto impulsar a aprobación do Regulamento do Consello da Memoria Democrática do Concello de Muros, coa finalidade de regular a creación, composición, organización e funcionamento deste órgano municipal de carácter consultivo e de participación.

O Consello da Memoria Democrática concíbese como un órgano de asesoramento e formulación de propostas non vinculantes ao Concello de Muros en materias relacionadas coa Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática. Entre as súas finalidades figuran favorecer a investigación e dignificación das vítimas, promover o coñecemento e a difusión da memoria democrática no ámbito municipal e facilitar a participación de grupos políticos, entidades memorialistas e persoas historiadoras.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía na elaboración das normas, sométese a consulta pública previa esta iniciativa regulamentaria, para solicitar a opinión das persoas e das organizacións potencialmente afectadas sobre os seguintes aspectos:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A cidadanía e as entidades interesadas poderán formular suxestións e achegas mediante o correo electrónico recomendacions@muros.gal ou a través do rexistro do Concello de Muros, no prazo de 20 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (https://sede.muros.gal).

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

A falta dunha regulación municipal específica do Consello da Memoria Democrática dificulta contar cun marco estable de participación, asesoramento e formulación de propostas sobre a investigación, recuperación, dignificación e divulgación da memoria democrática no Concello de Muros. Cómpre establecer regras claras para a súa composición, convocatoria, funcionamento e adopción de acordos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VXn8wMJ+SVOj3i5K8g4H Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Considérase conveniente aprobar un regulamento que permita articular a participación municipal e social nesta materia, de acordo cos fins da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, e dotar o Consello dunhas normas de organización e funcionamento coñecidas e transparentes.

c) Obxectivos da norma.

A iniciativa ten por obxecto regular o Consello da Memoria Democrática do Concello de Muros como órgano de carácter consultivo, establecer a súa composición e representación, ordenar o réxime das sesións e a adopción de acordos e facilitar que poida asesorar ao Concello, formular propostas e recibir iniciativas de persoas e entidades relacionadas coa memoria democrática.

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Poderían desenvolverse actuacións puntuais de participación e asesoramento sen crear un órgano estable. Porén, esta alternativa non ofrecería un marco permanente nin unhas regras uniformes para a participación das entidades e das persoas vinculadas ao estudo da memoria democrática. Por iso, considérase máis axeitada a aprobación dun regulamento municipal específico.

O texto do proxecto de Regulamento do Consello da Memoria Democrática do Concello de Muros ponse á disposición das persoas interesadas xunto con este anuncio, para facilitar o coñecemento da iniciativa e a presentación de achegas.

Muros, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa

María Lago Lestón

ANEXO. BORRADOR DO REGULAMENTO DO CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE MUROS

REGULAMENTO DO CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE MUROS

Artigo 1. Obxecto do Consello de Memoria Democrática do Concello de Muros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VXn8wMJ+SVOj3i5K8g4H Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

O Consello da Memoria Democrática do Concello de Muros é un ente de ámbito municipal con capacidade para valorar opinións e informará, asesorará e fará propostas non vinculantes ao Concello de Muros relacionadas coa Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, para que poidan ser debatidas e votadas, se procede, nos seus plenos municipais. O Consello non pretende acadar necesariamente o consenso, pero si buscar amplos acordos.

Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta aos seguintes obxectivos:

1.1. Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática 20/2022.

1.2. Favorecer a investigación e dignificación das/os veciñas/os que teñan a consideración de vítimas que recolle o artigo 3 desa lei.

1.3. Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do Concello de Muros que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderase propoñer a creación de grupos de traballo.

1.4. Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.

1.5. Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.

Artigo 2. Composición do Consello de Memoria Democrática

2.1. Presidencia. Recaerá na Alcaldía, que poderá delegar na/o concelleira/o que considere.

2.2. Secretaría. Recaerá na persoa designada pola Alcaldía entre as/os funcionarias/os municipais.

2.3. Vogais:

2.3.1. Un representante de cada grupo político do Concello de Muros. No suposto de existir

na Corporación o grupo mixto, este designará de entre as/os súas/seus integrantes a unha/un

representante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VXn8wMJ+SVOj3i5K8g4H Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

2.3.2. Ata un máximo de catro representantes de entidades memorialistas con recoñecido traballo na comarca de Muros ou limítrofes e que estean debidamente rexistradas. Cada entidade poderá designar unha única persoa representante.

2.3.3. Ata un máximo de dúas persoas historiadoras de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista na comarca de Muros ou limítrofes.

2.3.4. No caso de que o número de entidades ou de persoas historiadoras que soliciten formar parte do Consello supere os límites establecidos nos apartados anteriores, a selección das representantes realizarase atendendo á súa traxectoria, experiencia e vinculación co estudo, divulgación e recuperación da memoria democrática no ámbito territorial de referencia, procurando garantir a maior pluralidade posible.

2.4. O número máximo de membros do Consello será de trece, incluíndo a Presidencia e a Secretaría. Os límites de representación establecidos nos apartados 2.3.2. e 2.3.3. estarán condicionados á dispoñibilidade de prazas dentro do límite máximo establecido neste apartado.

2.5. As solicitudes de incorporación unha vez constituído o Consello deberán aprobarse por maioría simple dos presentes.

2.6. Os membros terán voz e voto nas sesións, agás a Secretaría.

2.7. Ocasionalmente poderán ser chamadas outras persoas que garden relación cos asuntos a tratar. Estas persoas asistirán con voz pero sen voto.

2.8. Na composición do Consello procurarase o equilibrio entre mulleres e homes.

Artigo 3. Réxime de convocatoria e asistencia ás sesións.

3.1. As sesións celebraranse cando sexan convocadas pola Presidencia.

3.2. As sesións ordinarias celebraranse como mínimo unha vez cada semestre e as extraordinarias todas as veces que a Presidencia o considere oportuno ou por solicitude da metade dos membros do Consello.

3.3. As sesións serán convocadas por medios telemáticos.

3.4. A documentación e as conclusións poderán estar dispoñibles na páxina web municipal.

3.5. Haberá quórum coa presenza da Presidencia, da Secretaría, e dunha/dun representante de cada un dos tres apartados: grupos políticos, entidades e historiadoras/es.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VXn8wMJ+SVOj3i5K8g4H Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

3.6. O voto será persoal e non delegable, e será público salvo que a maioría simple da comisión acorde no momento da votación que sexa secreto.

3.7. Os votos estarán repartidos da seguinte maneira: un voto para a Presidencia, un voto por grupo municipal, un voto por cada entidade e un voto por cada historiadora/or. En caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

3.8. A Secretaría levantará acta de cada sesión que se enviará por medios electrónicos aos membros do Consello. A aprobación definitiva da acta votarase como primeiro puntos das sesións do Consello.

Artigo 4. Adopción de acordos

Os acordos do Consello adoptaranse por maioría simple dos membros presentes. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Artigo 5. Vixencia do Consello da Memoria Democrática

A vixencia do Consello coincidirá cos mandatos emanados das eleccións municipais.

Artigo 6. Perda da condición de vogal

Nos grupos de entidades e historiadoras/es perderase a condición de integrantes deste Consello por:

6.1. Vontade propia da entidade ou persoa física.

6.2. Disolución da entidade á que representa.

6.3. Reiteradas faltas de asistencia sen xustificar ás xuntanzas, a proposta da Presidencia, e por voto favorable da maioría simple das presentes.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VXn8wMJ+SVOj3i5K8g4H Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/